



# mudemos o rumbo

REFORCEMOS O PROFESORADO



## Pola integración de todo o profesorado no grupo A1

A CIG-Ensino mantén o obxectivo histórico de que todo o profesorado debe formar parte dun **corpo único docente dentro do grupo funcional de maior grao (A1)**. Os cambios recentes provocados pola LOMLOE e a Lei Orgánica de FP implican a integración do Profesorado Técnico de Formación Profesional (PTFP) no corpo de Profesorado de Ensino Secundario, do grupo A1, co requisito de ter unha titulación de grao ou unha diplomatura universitaria.

No debate desta reforma a CIG-Ensino foi moi crítica coa decisión do Ministerio de deixar fóra da integración a aquel **profesorado que tivese titulación técnico superior de FP**. A vía para integrar ao profesorado con esta titulación quedou pechada polo Goberno.

O profesorado do **corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño** está nunha situación idéntica ao extinguido corpo de PTFP e, non obstante, o Ministerio decidiu excluílo do proceso de integración no grupo superior. Coas mesmas normas que se aprobaron para o caso de FP, todos os mestres e mestras de taller con grao ou diplomatura poderían integrarse no Corpo de Profesorado de Artes Plásticas e Deseño (A1).

O Ministerio comprometeuse a negociar un **Estatuto Docente** nesta lexislatura. Ese debe ser o marco para promover os cambios que demandamos (**integración de todo o profesorado no grupo A1**), ben sexa coa conformación dun único corpo coas correspondentes competencias docentes nas etapas educativas actuais ou coa integración dos diferentes corpos do grupo A2 no grupo A1 como paso intermedio.

**É de xustiza** recoñecer que, cunha titulación universitaria superior do mesmo nivel da que se aplicará para outros corpos, se poida dar cumprida resposta a unha **demanda histórica de recoñecemento profesional do profesorado actualmente adscrito ao grupo A2**. Tamén o é demandar que na negociación non se deixe a ninguén atrás e a integración sexa xeral.

Polo anteriormente citado, o profesorado asinante **SOLICITA**

- Que o Ministerio abra negociacións de forma inmediata cara a integración do profesorado do **Corpo de Mestres de Taller de Artes Plásticas e Deseño no grupo A1**, no camiño dun corpo único docente.
- Que se regule unha **vía excepcional para a integración no grupo A1** do profesorado que se declare a extinguir no corpo de **PTFP** e do que se integre no novo corpo de Profesorado Especialista de **Sectores Singulares da FP**.
- Que, de se manter a titulación de diplomatura ou enxeñaría como mínima para a integración, se habiliten medidas tendentes á **progresiva integración de todo o profesorado que careza de titulación universitaria**:
  - a integración, con carácter indefinido, de quen acade a titulación universitaria equivalente a efectos de docencia.
  - articulación de medidas que favorezan a consecución desa titulación (licenzas por estudo, convalidacións de créditos por experiencia laboral etc)
  - o pagamento dun complemento compensador transitorio até acadar a integración

